



## MANIFESTO DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DE ATENCIÓN TEMPERÁ CON MOTIVO DO DÍA DA ATENCIÓN TEMPERÁ

**O 16 de XUÑO celebramos un día moi especial.** O 16 de xuño do ano 2000 tiña lugar en Madrid a presentación do “Libro Branco”. Un fito na historia da atención á infancia no noso país. Nel definíase a Atención Temperá como *“o conxunto de actuacións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á contorna, que ten por obxecto dar resposta, de forma o máis inmediata posible, ás necesidades que presentan os nenos e nenas con alteracións no desenvolvemento ou con risco de padecelas, e/ou ás súas familias”*.

Esta definición presidiu a normativa que nos últimos vinte anos guiou o espallamento, en toda España, dunha extensa Rede de servizos e recursos, primeiro para as crianzas con discapacidades e despois para toda a primeira infancia que se atopa en situacións vulnerables.

**A Rede de Atención Temperá** é hoxe unha Rede extensa, aínda que insuficiente, non chega a todas as persoas que o necesitan, ou chega de forma precaria. Existen listas de agarda e zonas sen cobertura. **O LUGAR DE NACEMENTO AÍNDA É UN FACTOR DE DESIGUALDADE.** Por iso, é preciso avanzarmos nun financiamento suficiente e nunha regulación básica común. E pór as bases para un sistema público que coide o desenvolvemento persoal de todas as crianzas desde o seu nacemento.

A Atención Temperá debería incluír a todos os nenos e nenas de 0 a 6 anos que presentan problemas e preocupacións evolutivas nalgún momento do seu desenvolvemento, o que representa un **10% da poboación infantil desa franxa de idade e suporía atender en España a 255.227 nenos e nenas**. Hoxe en día en moitas ocasións, só se atenden as dificultades máis evidentes como os trastornos do espectro autista ou a parálise cerebral.

**FAN FALLA MEDIOS, FAN FALLA INVESTIMENTOS E FAN FALLA CENTROS DE ATENCIÓN TEMPERÁ CON EQUIPOS DE PROFESIONAIS MOI CUALIFICADOS PARA ATENDER UNHA ETAPA CRÍTICA DA VIDA.** Ao longo dos anos aprendemos, en España e en toda Europa, que a mellor definición da Atención Temperá pode quedar no baleiro se non se garanten a calidade, a utilidade dos servizos e o seu rendemento social.

Por todo isto, **a Atención Temperá que se desenvolva a partir de hoxe deberá:**

- garantirse como un dereito subxectivo das crianzas de carácter universal e sen custo para as familias
- estar orientada á **prevención** e actuación sobre as necesidades de desenvolvemento persoal e socialización das crianzas de 0 a 6 anos con problemas evolutivos ou con risco de padecelos
- baseada sempre nas relacións e a seguridade afectiva das crianzas

- organizarse na contorna comunitaria próxima ao domicilio cooperando en primeiro lugar coa familia e tamén cos cuidadores/as, educadores/as e persoas significativas na vida cotiá das crianzas
- realizada por un equipo de profesionais, especializado en desenvolvemento infantil, con metodoloxía inter ou transdisciplinar
- facilitar a coordinación e as transicións a outros servizos cando sexa preciso

**FACENDO AS COUSAS BEN, PRESTANDO SERVIZOS DE CALIDADE, A ATENCIÓN TEMPERÁ É A INVERSIÓN MÁIS RENDIBLE EN TERMOS DE RETORNO PERSOAL, DE SAÚDE, DE INCLUSIÓN SOCIAL, DE MELLORA EDUCATIVA E OPORTUNIDADE LABORAL. OS CARTOS INVERTIDOS EN ATENCIÓN TEMPERÁ MULTIPLÍCANSE.**

A Federación Española de Asociacións de Profesionais da Atención Temperá é consciente dos enormes cambios que aconteceron no itinerario de 0 a 6 anos e **da necesidade de pór as bases para implementar un sistema público universal de cuidados no desenvolvemento** no que **XUNTO AOS CENTROS DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E ATENCIÓN TEMPERÁ** ocupan un lugar fundamental os servizos sanitarios, os servizos educativos e os servizos sociais, numerosas entidades e as administracións públicas,

A todos convocamos para afrontar o reto que nos leve a ser **UN PAÍS DE VANGARDA** no cuidado da saúde, a educación e o benestar de todos os nosos nenos e nenas.

A todos damos as grazas pola súa achega ao desenvolvemento da ATENCIÓN TEMPERÁ.

**#AhoramáisTemprana**

**#AgoraMáisTemperá**